

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410A1	<i>Expediente</i> CON/83/2018	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:30

Número 4 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de "Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 (LOTE A: Prendas de confección a medida. LOTE B: Complementos. LOTE C: Calzado. LOTE D: Prendas para a auga"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 4 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE "SUBMINISTRACIÓN DE PRENDAS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICIA LOCAL 2018 (LOTE A: PRENDAS DE CONFECCIÓN A MEDIDA. LOTE B: COMPLEMENTOS. LOTE C: CALZADO. LOTE D: PRENDAS PARA A AUGA"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 10 de xaneiro de 2020, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2020/40 de data 6.2.20.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Gonzalo Muíños Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 9 de novembro de 2018, cunha adaptación de 15 de novembro, o xefe da Policía Local emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da subministración de prendas de uniformidade para a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0A1	<i>Expediente</i> CON/83/2018	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:30

Policía Local 2018 (LOTE A: Prendas de confección a medida. LOTE B: Complementos. LOTE C: Calzado. LOTE D: Prendas para a auga).

2. Con data 13 de novembro seguinte, a concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, mais cunha corrección xa de 25 de novembro de 2019, que transformou o procedemento de aberto simplificado en aberto, a concelleira responsable de contratación resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 9 de xaneiro de 2020, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 (LOTE A: Prendas de confección a medida. LOTE B: Complementos. LOTE C: Calzado. LOTE**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0A1	<i>Expediente</i> CON/83/2018	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:30

D: Prendas para a auga), así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de:

Lote A: 34.669,42 euros IVE aparte.

Lote B: 31.261,98 euros IVE aparte.

Lote C: 15.322,31 euros IVE aparte.

Lote D: 1.262,81 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a Lote A: 7.280,58 euros/ Lote B: 6.565,02 euros/ Lote C: 3.217,68 euros/ LOTE D: 265,19 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación (99.845 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 22104."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 (LOTE A: Prendas de confección a medida. LOTE B: Complementos. LOTE C: Calzado. LOTE D: Prendas para a auga),** así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de:

Lote A: 34.669,42 euros, IVE aparte.

Lote B: 31.261,98 euros, IVE aparte.

Lote C: 15.322,31 euros, IVE aparte.


Lote D: 1.262,81 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a Lote A: 7.280,58 euros; Lote B: 6.565,02 euros; Lote C: 3.217,68 euros e Lote D: 265,19 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410A1	<i>Expediente</i> CON/83/2018	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:30

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación (99.845 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 22104.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo:Gumerindo Guinarte Cabada

